

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE OUTUBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de outubro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de outubro de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 25 de setembro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se modifica a Orde do 18 de xuño de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A). (Diario Oficial de Galicia número 203, do 7 de outubro de 2020).

- Resolución do 1 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Universidade), pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 18 de xuño de 2020. (Diario Oficial de Galicia número 203, do 7 de outubro de 2020). Concédese ao Concello de Cambre unha subvención por importe de 1.574,20 euros.

- Orde do 2 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2021. (Diario Oficial de Galicia número 206, do 13 de outubro de 2020).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 2 de outubro ao 7 de outubro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1463/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1496/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1463/2020	02-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de outubro de 2020
1464/2020	02-10-2020	Contrato menor mediante sistema de vale pedido para a prestación da asistencia técnica de coordinador de seguridade e saúde para levar a cabo as obras de mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro – O Temple
1465/2020	02-10-2020	Actividades animación á lectura 2020/2021
1466/2020	02-10-2020	CM a Migallas Teatro/ Ler conta moito
1467/2020	02-10-2020	CM a Elisabet Hillerud / Ler conta moito
1468/2020	02-10-2020	Modificación da aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2020.
1469/2020	02-10-2020	Adhesión ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, programa pel-reactiva
1470/2020	05-10-2020	Aprobación de facturas e gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 77.142,71 €
1471/2020	05-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 45.963,91 euros
1472/2020	05-10-2020	Desistencia axuda odontoloxía de NBB
1473/2020	05-10-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentos a IRG por ocultar ou falsear os datos subministrados que foron tidos en conta para a súa concesión
1474/2020	05-10-2020	Denegar a axuda alimentación básica e hixiene persoal a MNG por ser o saldo medio de aforro superior ao establecido
1475/2020	05-10-2020	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo de depuración e do canon da auga do terceiro trimestre de 2020.
1476/2020	05-10-2020	CM a Francisco Manuel Cerdeira Castiñeiras (Pakolas) / Ler conta moito
1477/2020	05-10-2020	Celebración voda civil de SMIM e JABM o día 10 de outubro ás 12:30 horas
1478/2020	05-10-2020	Denegación axuda recibo aluguer a RMP por non estar empadroadado no municipio de Cambre
1479/2020	06-10-2020	Omisión da función interventora e xustificación das actuacións realizadas



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		en relación co XI concurso de Escaparates de Nadal, dentro da Campaña de Nadal 2019/2020 do Concello de Cambre
1480/2020	06-10-2020	Convocatoria da Xunta Local de Seguridade o día 14 de outubro de 2020
1481/2020	06-10-2020	CM a Carmen Domech Martínez / Ler conta moito
1482/2020	06-10-2020	CM a Edicións Xerais de Galicia para a compra de novidades editoriais
1483/2020	06-10-2020	CM a Kalandraka Editora, S.L. para a compra de novidades editoriais en galego
1484/2020	06-10-2020	CM Editorial Galaxia compra novidades editoriais
1485/2020	06-10-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1486/2020	06-10-2020	Concesión do dereito de uso privativo e autorización de apertura da urna perimetral sinalada co número 171, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, a favor de MCSG
1487/2020	06-10-2020	Autorización transmisión mortis causa urnas perimetrais sinaladas co número 80, letras A, B, C e D a favor de MLMG
1488/2020	06-10-2020	Aprobar a lista definitiva admitidos/excluídos ao concurso para a selección dun graduado social interino e elaboración de lista de candidatos para nomeamentos de graduados sociais interinos
1489/2020	07-10-2020	Denegar a axuda recibos luz por superar o límite de ingresos establecidos a MJAG
1490/2020	07-10-2020	Desistencia axuda aluguer AEG
1491/2020	07-10-2020	CM a Antía Yañez Rodríguez / Ler conta moito
1492/2020	07-10-2020	Concesión duplicado tarxeta estacionamento a CSC
1493/2020	07-10-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nos Vilares, Pravio. Propiedade: SOR
1494/2020	07-10-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Rocha, Anceis, con abundante maleza. Propiedade JRBG
1495/2020	07-10-2020	Autorización apertura urna central sinalada co número 11, letra A, no cemiterio municipal de Cambre o día 10 de xuño de 2020
1496/2020	07-10-2020	Impresión memoria informativa do obradoiro de emprego Proxedis-Proweb 2019-2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa CYS Hispania, S.L. adxudicataria da obra de "Reforma local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre". Expediente núm. 2019/C002/000389
- Proposta de aprobación do Plan de xestión de residuos e Plan de obra, presentado pola empresa Jardincelas, S.L. adxudicataria da obra "Acondicionamento do río Mero ano 2020". Expediente núm. 2020/C002/000120

- Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde, Plan de xestión de residuos e Plan traballo presentados pola empresa Canarga, S.L. adxudicataria da obra "*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente núm. 2019/C003/000005

- Proposta de devolución de aval á empresa Suministros Técnicos de Galicia, S.L.(SUTEGA) adxudicataria da subministración "*Mobiliario interior para a casa da cultura*" incluída na actuación "*Equipamentos sociais: Casa da Cultura*" do proxecto "Arume" cofinanciado polo Fondo Europeo do Desenvolvemento Rexional da Unión Europea no marco do eixe 5 para proxectos de desenvolvemento sostible local e urbano. Expediente núm. 12/40-8 SUM

- Incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG S.L.U." no expediente núm. 2014/C003/000004, correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 "*Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012*", así como declaración da prohibición de contratar co Concello de Cambre por parte da dita empresa

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa CYS Hispania, S.L. adxudicataria da obra de "*Reforma local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre*". Expediente núm. 2019/C002/000389**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C002/000389 para a contratación como contrato menor da obra de "*Reforma local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre.*"

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa "CYS Hispania, S.L."

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra correspóndelle á entidade "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U. (IPRENOR)", adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada pola entidade "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U. (IPRENOR)", ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 5 de outubro de 2020 e número de rexistro 202099900003255.

Visto o informe favorable emitido con data 6 de outubro de 2020 pola arquitecta técnica municipal, directora de obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada pola entidade "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U. (IPRENOR)", para a execución da obra "Reforma local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre". Expte 2019/C002/000389.

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa "CYS Hispania, S.L.", e a dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Quinto:** Notifíquese á arquitecta técnica municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de aprobación do Plan de xestión de residuos e Plan de obra, presentado pola empresa Jardincelas, S.L. adxudicataria da obra "Acondicionamento do río Mero ano 2020". Expediente núm. 2020/C002/000120**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C002/000120 para a contratación da obra "Acondicionamento do río Mero ano 2020". Expediente: 2020/C002/000120.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa "Jardincelas, S.L."

Visto o Plan de obra e o Plan de xestión de residuos, elaborados por don Manuel Barbeito Uzal en representación da empresa Jardincelas, S.L. presentado o día 5 de outubro de 2020, con rexistro de entrada no Concello de Cambre e número 202099900003264.

Vistos o informe favorable emitido con data 7 de outubro de 2020 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal, director da obra e responsable do contrato.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de obra e o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Jardincelas, S.L.*” para a execución da obra denominada “Acondicionamento do río Mero ano 2020”. Expte. 2020/C002/000120

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “*Jardincelas, S.L.*”, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese ao enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde, Plan de xestión de residuos e Plan traballo presentados pola empresa Canarga, S.L. adxudataria da obra “*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)*” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente núm. 2019/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/00005 para a contratación da obra “*Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)*” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2019/C003/000005

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de xuño de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Canarga, S.L.*”, asinándose o correspondente contrato con data 09 de xuño de 2020.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U., adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 01 de outubro de 2020 e número 202099900003210.

Visto o Plan de xestión de residuos elaborado pola empresa adxudicataria, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de xuño de 2020 e número 202099900001635.

Visto os informes favorables emitidos con data 07 de outubro de 2020 polo arquitecto municipal, director de obra e responsable do contrato.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal, de data 07 de outubro 2020 na que confirma que consta o Programa de Traballo adaptado ao prazo ofertado, incluída na oferta presentada polo contratista, en base á cal resultou adxudicatario, polo que se propón eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Canarga, S.L.* adxudicataria da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2019/C003/000005

**Segundo:** Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Canarga, S.L.* adxudicataria da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana en o Temple, Concello de Cambre (FASE II)” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2019/C003/000005

**Terceiro:** De conformidade có establecido na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentar novamente o Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal o 07/10/2020 no que confirma que o adxudicatario xa presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adxudicatario.

**Cuarto:** Notificar este acordo á empresa “*Canarga, S.L.*” e a dona Laura López Santiago, da entidade IPRENOR, SLU. coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Cuarto:** Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de devolución de aval á empresa Suministros Técnicos de Galicia, S.L. (SUTEGA) adjudicataria da subministración “Mobiliario interior para a casa da cultura” incluída na actuación “Equipamentos sociais: Casa da Cultura” do proxecto “Arume” cofinanciado polo Fondo Europeo do Desenvolvemento Rexional da Unión Europea no marco do eixe 5 para proxectos de desenvolvemento sostible local e urbano. Expediente núm. 12/40-8 SUM**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 27 de novembro de 2012, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Suministros Técnicos de Galicia, S.L. (SUTEGA), para a subministración “Mobiliario interior para a casa da cultura” incluída na actuación “Equipamentos sociais: Casa da Cultura” do proxecto “Arume” cofinanciado polo Fondo Europeo do Desenvolvemento Rexional da Unión Europea no marco do eixe 5 para proxectos de desenvolvemento sostible local e urbano. Expediente 12/40-8 SUM

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal, con data 27/11/2012 unha garantía definitiva mediante aval bancario número 342269 de data 27/11/2012 da entidade NovaGalicia Banco por importe de 2.843,75 euros e con número de rexistro 558.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 31 de agosto de 2015.

Visto o informe de fiscalización JUA 280/2020 emitido pola Intervención municipal con data do 25 de setembro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 2.843,75 euros depositada pola entidade "Suministros Técnicos de Galicia, S.L.(SUTEGA)." con CIF B-1521.... e con enderezo na Ronda de Nelle, 133, 15010, A Coruña, no expediente número 12/40-8 SUM para a subministración "*Mobiliario interior para a casa da cultura*" incluída na actuación "*Equipamentos sociais: Casa da Cultura*" do proxecto "Arume" cofinanciado polo Fondo Europeo do Desenvolvemento Rexional da Unión Europea no marco do eixe 5 para proxectos de desenvolvemento sostible local e urbano

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG S.L.U." no expediente núm. 2014/C003/000004, correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 "*Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012*", así como declaración da prohibición de contratar co Concello de Cambre por parte da dita empresa**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 202099900002117 o día 31 de xullo de 2020, presentado por don José Antonio Gómez Rodríguez, en representación da entidade SYR-AMG S.L., ao que achega as alegacións contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 14 de xullo de 2020, en relación coa incoación do expediente de prohibición de contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 10 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

## “ANTECEDENTES

**Primeiro:** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catorce de xullo de dous mil vinte, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión adoptou o seguinte acordo:

«3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG SLU" no exp. nº. 2014/C003/000004, correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", así como incoación de procedemento para declarar a prohibición de contratar co Concello de Cambre por parte da dita empresa. Exp.: 2014/C003/000004.

...

**Primeiro :** Unha vez firme o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, polo que se acorda resolver o contrato subscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade "SYR-AMG, S.L.U.", para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", expediente nº 2014/C003/000004, e de conformidade co establecido nos artigos 100 e 225, apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), **proceder á incautación da garantía definitiva** constituída pola empresa "SYR-AMG, S.L.U.", por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

**Segundo:** De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e tendo en conta os acordos adoptados pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, e mailo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o día 3 de maio de 2019, establecer que o contratista non debe indemnizar ao Concello de Cambre en cantidade ningunha en concepto de danos e perdas, toda vez que o posible importe da indemnización, que se establecería en 4.315,59 euros como consecuencia da diferenza entre o importe de adxudicación do contrato á empresa "SYR-AMG,S.L.U." e da nova adxudicación da obra, queda cuberto co importe da garantía incautada.

**Terceiro:** Incoar procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos da entidade "SYR-AMG, S.L.U.", responsable da resolución, esto de conformidade co establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O prazo máximo da prohibición vén motivado pola existencia de mala fe por parte da empresa, esto tendo en conta a súa actitude obstaculizante constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución da obra no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente nº 2014/C003/000004, (presentación de planes de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto, etc...), que derivaron en incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra), e máis na incoación de expediente de resolución contractual que foi obxecto de varios recursos administrativos e xurisdiccionais interpostos pola empresa adxudicataria - a pesar de ser coñecedora do ditame do Consello Consultivo de Galicia favorable á resolución - , non téndose dictado sentenza na segunda instancia ata o 17 de xullo de 2019, tempo durante o cal o Concello de Cambre tivo que adxudicar novamente a obra e solicitar prórrogas para xustificar a execución da obra financiada pola Deputación Provincial da Coruña e non perder a achega provincial.

**Cuarto:** De conformidade co establecido nos artigos 19 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións públicas, e 97 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, dar audiencia, polo

prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos, á entidade interesada, co fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

**Quinto:** Notificar á empresa "SYR-AMG,S.L.U." os anteriores acordos, achegando á notificación que se lle curse un exemplar do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 03/05/2019 e máis do informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación de data 8 de xullo de 2020, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non procede a interposición de recurso administrativo."

**Segundo:** Consta no expediente que a notificación do acordo foi aceptada por SYR-AMG S.L. con data de 24 de xullo.

Dentro do prazo de dez días naturais establecido ao efecto, con data de 31 de xullo rexistrouse de entrada, ao número 202099900002117, escrito a instancia de don José Antonio Gómez Rodríguez, DNI 7931xxxx, en representación da entidade SYR-AMG S.L., ao que chega as alegacións contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 14 de xullo de 2020, en relación coa incoación do expediente de prohibición de contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos, polo seguintes motivos:

**"Primeira.** Non se dan as circunstancias necesarias para acordar a prohibición de contratación con esa Administración, nin por suposto, durante o prazo de cinco anos, lembremos, prazo máximo establecido na lei.

E iso porque:

1º. En sede xudicial levou a cabo un intenso debate no que esta parte pretendeu xustificar a súa postura. Aínda que os Tribunais non ditaron sentenza ao seu favor, o certo é que o feito de presentar recursos en vía administrativa e xudicial non pode supoñer un agravante como indica a Administración, posto que o único que fixo a empresa é exercer o seu dereito á tutela xudicial efectiva.

2º. O Ditame do Consello Consultivo non é vinculante e, repetimos, o feito de presentar recurso contencioso administrativo fronte á decisión municipal é un en grao sumo lexítimos dereitos dun estado democrático. Sustentar unha prohibición no grao máximo porque se exerceu este dereito vulnera a legalidade ou mesmo podería considerarse unha desviación de poder, sobre todo tendo en conta que as decisións administrativas son executivas, polo que nada impediu á Administración levar a cabo a obra con outra empresa.

3º. O feito de que se impuxeron as costas da primeira e segunda instancia tampouco pode ser motivo de agravación da medida, nin ten ningún tipo de relevancia posto o artigo 139 da Lei da xurisdición establece o principio do vencemento obxectivo en materia de costas: impóñense se se desestiman as pretensións, sen que iso implique nin temeridade nin mala fe.

**Segunda.** En todo caso, de modo algún procede a incoación deste expediente xa que transcorridos tres anos desde que se acordou a resolución contractual en data 2 de xaneiro de 2017 e confirmada a mesma por resolución da Xunta de Goberno Local do 10 de febreiro do mesmo ano, caducou ou prescribiu o dereito desa Administración para tramitar un expediente de prohibición de contratar, polo que debe procederse ao seu arquivo.

SOLICITO téñanse en conta as anteriores manifestacións para os efectos oportunos con arquivo do expediente".

## LEXISLACIÓN APLICABLE E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeiro:** Danse por reproducidas as contidas no informe emitido con data do 8 de xullo de 2020 pola Secretaría e Intervención municipais.

**Segundo:** Non se formula ningunha alegación respecto do apartado primeiro do acordo relativo á incautación da garantía definitiva, formulándose alegación unicamente respecto da incoación do procedemento para declarar a prohibición para contratar co concello.

**Terceiro:** Na primeira das alegacións, o alegante non rebate o motivo no que se fundamenta a incoación do procedemento

para declarar a prohibición para contratar co concello e a súa duración, 5 anos, contido no punto terceiro do acordo, que é a mala fe do adxudicatario que dende a sinatura do contrato adoptou unha actitude obstaculizadora para impedir o inicio da execución da obra, inicio condicionado á aprobación do plan de xestión de residuos.

A este respecto hai que lembrar que, formalizado o contrato o 8 de xaneiro de 2015, o 20 de abril de 2015 preséntase polo adxudicatario unha valoración totalmente desproporcionada e inustificada do custo previsto para a xestión de residuos por importe de 27.125,04 euros, IVE incluído, alegando que no proxecto non existía partida de xestión de residuos.

Informado desfavorablemente polo director de obra e logo da comprobación do proxecto, polo dito técnico prevese unha modificación do proxecto para incluír a valoración duns residuos que, aínda figurando no proxecto, non foran valorados, valoración que leva consigo un incremento de 510,56 euros (IVE incluído) sobre o prezo orixinal do contrato suscrito, modificación que non foi aceptada polo contratista, que se limitou a manter a valoración presentada, o que derivou na imposibilidade de iniciar a obra e avocou ao concello a ter que incoar un novo expediente de contratación e un expediente de resolución do contrato para executar a obra, logo da concesión de sucesivas prórrogas por parte da Deputación Provincial.

De ningún modo se motivou a incoación do expediente e a duración dos 5 anos porque a empresa teña interposto os recursos, e exercitado as accións que considerou oportunas en defensa dos seus dereitos se consideraba que estaban sendo conculcados polo concello ao propoñer unha modificación do proxecto que supoñía 510,56 euros no prezo do contrato suscrito, senón que se motiva na existencia de mala fe por parte do adxudicatario quen, lonxe de reconsiderar ou intentar xustificar a súa postura, empecinouse en manter unha proposta de modificación do proxecto totalmente desproporcionada e inustificada (un 24,6% de incremento sobre o prezo de adxudicación), como así quedou demostrado cando, tres anos máis tarde, se licitou novamente a obra cun orzamento de licitación de 166.166,99 euros (765,36 euros máis que o anterior), e se adxudicou en 114.588,76 euros IVE incluído (4.315,59 euros máis que o ofertado no seu día por SYR-AMG, S.L.U.), sendo a seguinte mellor oferta de 115.153,73 euros, o que vén a demostrar claramente que a valoración da xestión de residuos efectuada polo director de obra era a adecuada aos prezos de mercado, presumíndose que unha empresa con ampla traxectoria na execución de obras similares tanto para concellos como para outras administracións públicas como a Deputación Provincial da Coruña, debía ser coñecedora dos prezos de mercado correspondentes ás partidas de xestión de residuos.

Así pois, e a teor do exposto, parece que a pretensión de SYR-AMG, S.L.U. non era cumprir dilixentemente coas obrigas derivadas da presentación da oferta e formalización do contrato, esixindo tamén do concello o cumprimento da súa obriga de aprobar a modificación do proxecto se existía un erro nel, senón que máis ben parece que a súa pretensión era avocar ao concello a unha situación límite ao non poder iniciar a obra sen a previa aprobación do plan de xestión de residuos (establecido como obriga esencial do adxudicatario no prego de cláusulas administrativas particulares), e conseguir un incremento do prezo ofertado no seu día, polo que, a xuízo dos funcionarios informantes, o alegante non ten desvirtuado o motivo para a incoación do expediente, propoñendo a súa desestimación.

**Cuarto:** Na segunda das alegacións o alegante considera que ten transcorrido o prazo dos tres anos dende que se acordou a resolución do contrato en data 2 de xaneiro de 2017 e confirmada pola Xunta de Goberno Local de 2 de febreiro do mesmo ano, polo que ten caducado ou prescrito o dereito do concello a tramitar o expediente de prohibición de contratar.

Faise constar que o acordo de incoación para prohibición de contratar foi adoptado con data de 14 de xullo de 2020 ao amparo dos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O artigo 61.2.c) establece que *"... o procedemento de declaración non poderá iniciarse se transcorreran máis de tres anos contados a partir das seguintes datas:*

...

*c) dende a data na que fose firme a resolución do contrato no caso previsto na letra a) do apartado segundo do artigo anterior".*

Á súa vez, o 60.2.a) establece que *"ademais das previstas no apartado anterior, son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas Administracións Públicas as seguintes:*

- a) *Ter dado lugar, por causa que tiveran sido declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha Administración Pública”.*

A este efecto debe recordarse que, se ben o acordo de resolución do contrato foi adoptado pola Xunta de Goberno Local con data de 2 de xaneiro de 2017, o mesmo non adquiriu firmeza ata transcorridos 30 días dende o seguinte á notificación da Sentencia ditada con data de 17 de xullo de 2019 pola sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza do 06/03/2019 dictada no P.O. 74/2017, isto de conformidade co artigo 89 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa que establece que “o recurso de casación preparárase ante a Sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre, estando lexitimados para iso quen fose parte no proceso, ou debesen selo”.

A sentenza ditada o 17 de xullo de 2019 pola Sección 003 da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi notificada ao concello o 22 de xullo de 2019, sen que se teña constancia de que se teña interposto recurso de casación pola empresa, polo que, tendo en conta que, a teor dos artigos 182 e 183 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, son inhábiles a efectos procesuais os sábados e domingos, os días 24 e 31 de decembro, os días de festa nacional e os festivos a efectos laborais na respectiva comunidade autónoma ou localidade así como os días do mes de agosto para todas as actuacións xudiciais, excepto as que se declaren urxentes polas leis procesuais, o prazo para incoar o procedemento para prohibición de contratar remataría a primeiros de outubro do 2022, polo que, a xuízo dos funcionarios que subscriben, debe rexeitarse a dita alegación.

A teor do exposto, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 respecto do que non se formulou ningunha alegación e, para tal efecto, unha vez firme o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, polo que se acorda resolver o contrato subscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente nº 2014/C003/000004, e de conformidade co establecido nos artigos 100 e 225, apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), proceder á incautación da garantía definitiva constituída pola empresa “SYR-AMG, S.L.U.”, por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Notifíquese á Intervención e Tesourería municipais para os efectos do seu cumprimento.

**Segundo:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 e, para tal efecto, de conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e tendo en conta os acordos adoptados pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, e mailo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o día 3 de maio de 2019, establecer que o contratista non debe indemnizar ao Concello de Cambre en cantidade ningunha en concepto de danos e perdas, toda vez que o posible importe da indemnización, que se establecería en 4.315,59 euros como consecuencia da diferenza entre o importe de adjudicación do contrato á empresa “SYR-AMG,S.L.U.” e da nova adjudicación da obra, queda cuberto co importe da garantía incautada.

**Terceiro:** Rexeitar as alegacións presentadas por don José Antonio Gómez Rodríguez, DNI 7931xxxxx, en representación da entidade SYR-AMG S.L., mediante escrito rexistrado de entrada, ao número 202099900002117, con data de 31 de xullo de 2020, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 14 de xullo de 2020 en relación coa incoación do expediente de prohibición de contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos, polos seguintes motivos:

- o motivo para incoar o expediente para declarar a prohibición co Concello de Cambre durante un prazo de 5 anos da entidade SYR-AMG, S.L.U. non foi que a empresa teña interposto os recursos e exercitado as accións que considerou oportunas en defensa dos seus dereitos se consideraba que estaban sendo conculcados polo concello, senón que tal e como consta no apartado terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14 de xullo

do 2020, motivábase na existencia de mala fe por parte da empresa que mantivo unha actitude obstaculizante para impedir o inicio da execución da obra no prezo contratado, quedando constatado nos numerosos incidentes procedimentais obrantes ao longo do expediente núm. 2014/C003/000004, coa presentación de plans de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto cunha valoración totalmente desproporcionada e inxustificada, actitude impropia dunha empresa con ampla traxectoria na execución de obras similares, tanto para concellos como para outras administracións públicas como a Deputación Provincial da Coruña e, polo tanto, coñecedora dos prezos de mercado, que derivou no incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra).

- Se ben o acordo de resolución do contrato foi adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de xaneiro de 2017, o mesmo non adquiriu firmeza ata transcorridos 30 días dende o seguinte á notificación da Sentenza ditada con data do 17 de xullo de 2019 pola sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a cal foi notificada ao Concello de Cambre o 22 de xullo de 2019, sen que se teña constancia da interposición de recurso de casación, polo que o prazo, tendo en conta os días inhábiles a efectos procesuais, finalizaría en outubro do 2022.

**Cuarto:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 e, para tal efecto, incoar procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos da entidade "SYR-AMG, S.L.U.", responsable da resolución, isto de conformidade co establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O prazo máximo da prohibición vén motivado pola existencia de mala fe por parte da empresa, esto tendo en conta a súa actitude obstaculizante constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución da obra no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente nº 2014/C003/000004, coa presentación de plans de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto cunha valoración totalmente desproporcionada e inxustificada, actitude impropia dunha empresa con ampla traxectoria na execución de obras similares, tanto para concellos como para outras administracións públicas como a Deputación Provincial da Coruña e, polo tanto, coñecedora dos prezos de mercado, que derivou no incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra).

**Quinto:** Notificar o presente acordo á empresa SYR-AMG S.L. indicándolle que o presente acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sexto:** Notificar o presente acordo ao Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Sector Público por tratarse dunha empresa inscrita no mesmo así como ao Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.»

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 respecto do que non se formulou ningunha alegación e, para tal efecto, unha vez firme o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, polo que se acorda resolver o contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade "SYR-AMG, S.L.U.", para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", expediente nº 2014/C003/000004, e de conformidade co establecido nos artigos 100 e 225, apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), proceder á incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG, S.L.U.", por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Notifíquese á Intervención e Tesourería municipais para os efectos do seu cumprimento.

**Segundo:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 e, para tal efecto, de conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e tendo en conta os acordos adoptados pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, e mailo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o día 3 de maio de 2019, establecer que o contratista non debe indemnizar ao Concello de Cambre en cantidade ningunha en concepto de danos e perdas, toda vez que o posible importe da indemnización, que se establecería en 4.315,59 euros como consecuencia da diferenza entre o importe de adxudicación do contrato á empresa "SYR-AMG,S.L.U." e da nova adxudicación da obra, queda cuberto co importe da garantía incautada.

**Terceiro:** Rexeitar as alegacións presentadas por don José Antonio Gómez Rodríguez, DNI 7931xxxxx, en representación da entidade SYR-AMG S.L., mediante escrito rexistrado de entrada, ao número 202099900002117, con data de 31 de xullo de 2020, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 14 de xullo de 2020 en relación coa incoación do expediente de prohibición de contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos, polos seguintes motivos:

- o motivo para incoar o expediente para declarar a prohibición co Concello de Cambre durante un prazo de 5 anos da entidade SYR-AMG, S.L.U. non foi que a empresa teña interposto os recursos e exercitado as accións que considerou oportunas en defensa dos seus dereitos se consideraba que estaban sendo conculcados polo concello, senón que tal e como consta no apartado terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14 de xullo do 2020, motivase na existencia de mala fe por parte da empresa que mantivo unha actitude obstaculizante para impedir o inicio da execución da obra no prezo contratado, quedando constatado nos numerosos incidentes procedimentais obrantes ao longo do expediente núm. 2014/C003/000004, coa presentación de plans de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto cunha valoración totalmente desproporcionada e inustificada, actitude impropia dunha empresa con ampla traxectoria na execución de obras similares, tanto para concellos como para outras administracións públicas como a Deputación Provincial da Coruña e, polo tanto, coñecedora dos prezos de mercado, que derivou no incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra).
- Se ben o acordo de resolución do contrato foi adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de

xaneiro de 2017, o mesmo non adquiriu firmeza ata transcorridos 30 días dende o seguinte á notificación da Sentenza ditada con data do 17 de xullo de 2019 pola sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a cal foi notificada ao Concello de Cambre o 22 de xullo de 2019, sen que se teña constancia da interposición de recurso de casación, polo que o prazo, tendo en conta os días inhábiles a efectos procesuais, finalizaría en outubro do 2022.

**Cuarto:** Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 e, para tal efecto, incoar procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos da entidade "SYR-AMG, S.L.U.", responsable da resolución, esto de conformidade co establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O prazo máximo da prohibición vén motivado pola existencia de mala fe por parte da empresa, esto tendo en conta a súa actitude obstaculizante constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución da obra no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente nº 2014/C003/000004, coa presentación de plans de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto cunha valoración totalmente desproporcionada e inxustificada, actitude impropia dunha empresa con ampla traxectoria na execución de obras similares, tanto para concellos como para outras administracións públicas como a Deputación Provincial da Coruña e, polo tanto, coñecedora dos prezos de mercado, que derivou no incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra).

**Quinto:** Notificar o presente acordo á empresa SYR-AMG S.L. indicándolle que o presente acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sexto:** Notificar o presente acordo ao Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Sector Público por tratarse dunha empresa inscrita no mesmo así como ao Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia